

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27020902	IES de Ribadeo Dionisio Gamallo	Ribadeo	2023/2024

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	5
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	5
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	5
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	6
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	8
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	9
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	9
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	10
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	12
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	12
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	13
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	13
o) Outros apartados	14

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

Obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria.

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permita:

- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás outras persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
 - Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
 - Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.
 - Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas outras persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
 - Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes da información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
 - Concibir o coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
 - Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
 - Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
 - Comprender e expresarse en inglés e francés ou portugués.
 - Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propia e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.
- Coñecer o corpo humano e o seu funcionamento, aceptar o propio e o das outras persoas, aprender a coidalo, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos do coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
 - Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia e Ribadeo, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
 - Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade.

Obxectivos xerais do Bacharelato.

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

- Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de maneira responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.
- Reforzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para aproveitar eficazmente as aprendizaxes e mais como medio para o desenvolvemento persoal.
- Dominar, tanto na expresión oral coma na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- Expresarse con fluidez e corrección en inglés e francés ou portugués.
- Utilizar eficazmente e con responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os

principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu contorno social.

- Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade de bacharelato elixida.
- Comprender os elementos e procedementos fundamentais dos métodos científicos e da investigación. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto do medio natural e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, autoconfianza e sentido crítico.
- Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o sentido estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social e impulsar condutas e hábitos saudables.
- Reforzar actitudes de respecto e de prevención no ámbito da seguridade viaria.
- Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

Hai que destacar que os centros educativos deben promover un ensino personalizado, que teña en conta as necesidades e intereses de cada estudante. Para iso, débese fomentar o diálogo entre o profesorado e o alumnado, e débense establecer mecanismos de seguimento e avaliación que permitan adaptar o ensino ás necesidades de cada estudante.

A adquisición das competencias clave é fundamental para que o alumnado alcance os obxectivos da etapa, xa que as competencias son imprescindibles para que o alumnado poda progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo.

Para facer posible isto o profesorado deberá deseñar e planificar estratexias, procedementos e accións docentes coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e permitirlle o logro dos obxectivos e a adquisición das competencias clave.

Hai que desenvolver e asentir progresivamente as bases que lle faciliten ao alumnado unha adquisición e un desenvolvemento adecuados das competencias clave previstas no perfil de saída, e fomentarase a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas.

Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo, e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión. Para estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas nas programacións das materias ou dos ámbitos.

Co obxecto de fomentar a integración das competencias clave, deberemos dedicar unha parte da docencia de cada trimestre, a determinar por cada departamento na programación didáctica, á realización de proxectos significativos e relevantes para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Así mesmo, para favorecer unha adquisición eficaz das competencias clave haberá que deseñar actividades de aprendizaxe que permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

A lectura é un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave. Todos os departamentos deberán desenvolver de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. A práctica docente de todas as materias debe garantir a incorporación dun tempo de lectura e práctica da oratoria en cada trimestre, segundo a distribución que cada departamento dispoña na súa programación didáctica, para fomentar o hábito e o dominio da lectura, así como o da comunicación.

A adquisición de cada unha das competencias clave contribúe á adquisición de todas as demais. Non existe xerarquía entre elas, nin pode establecerse unha correspondencia exclusiva cunha única área, ámbito ou materia, senón que todas se concretan nas aprendizaxes das distintas áreas, ámbitos ou materias e, pola súa vez, se adquiren e desenvolven a partir das aprendizaxes que se producen no seu conxunto.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral.

O proceso de ensino e aprendizaxe competencial debe abordarse desde todas as materias e para lograr este proceso é preciso favorecer unha visión interdisciplinaria e, de xeito especial, posibilitarlle unha maior autonomía á función docente, de forma que permita satisfacer as demandas dunha maior personalización da educación.

A transversalidade é unha condición inherente ao perfil de saída, no sentido de que todas as aprendizaxes contribúen á súa consecución.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballarase en todas as materias.

Todos os departamentos deberán fomentar de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

Un dos alicerces principais do Proxecto Educativo do Centro, é a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito. Haberá que promover todos estes aspectos dende as programacións didácticas de cada departamento.

No centro deberemos rexeitar os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, toda a documentación didáctica e organizativa do centro deberá empregar unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

Dentro das metodoloxías propias de cada materia intentarase seguir os seguintes principios:

- Facilitar a elaboración de aprendizaxes significativos no alumnado procurando a coherencia lóxica dos contidos.
- Favorecer a capacidade do estudante para aprender por si mesmo.
- Iniciarase ó estudante no coñecemento da realidade de acordo cos principios básicos do método científico.
- Metodoloxías activas que aseguren a participación do alumnado nos procesos de ensinanza/aprendizaxe.
- Manexo das novas tecnoloxías.
- A interdisciplinariedade presentando e planificando os contidos cunha estruturación clara das súas relacións, tanto dentro da mesma área como coas outras.

Todo o anterior non impide que sexa posible e necesaria a diversidade metodolóxica desde unha triple perspectiva:

- Dende a consideración de obxectivos e contidos específicos que requiren metodoloxías distintas no seu proceso de aprendizaxe.
- Dende a atención á diversidade do alumnado, pois alumnado diverso demanda diversificacións metodolóxicas.
- Dende a heteroxeneidade do profesorado, pois a distinta formación previa, a variada experiencia profesional e as persoais concepcións educativas poden propiciar que a intervención educativa e a interacción na aula adopten diferentes métodos pedagóxicos.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

O noso centro forma parte do proxecto de educación dixital para os centros E-Dixgal en todos os cursos da Educación Secundaria Obrigatoria.

No IES, o alumnado e o profesorado da ESO traballa en aulas dixitais, é dicir, aulas que dispoñen dun encerado dixital interactivo, dun proxector, dun equipo para o profesor, e dun equipo para cada alumno. Ademais as aulas contan con conexión WIFI para que o alumnado e profesorado poda accesos aos contidos dixitais e seguir a actividade educativa na aula desde o seu equipo. O resto de niveis educativos conta co mesmo equipamento nas aulas, pero o alumnado non dispón dun equipo informático.

Polo tanto, o equipo directivo promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como

medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

O profesorado dispón de plataformas dixitais e tecnolóxicas onde poder incorporar recursos didácticos. Os contornos virtuais de aprendizaxe que se empregan deben facilitar a aplicación de plans educativos específicos, deseñados polos departamentos para a consecución de obxectivos concretos do currículo.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

O criterio principal a ter en conta na oferta educativa é a dispoñibilidade horaria do profesorado que forma parte do cupo establecido no centro pola consellería con competencias en educación.

Mentres a dispoñibilidade horaria do profesorado o permita ofertaranse agrupamentos flexibles en 1º e 2º da ESO nas materias instrumentais para o alumnado con necesidades educativas.

Outro criterio a ter en conta na oferta educativa é o número de alumnado matriculado nas materias optativas. Non poderán establecerse grupos cun número inferior a 5 alumnas e alumnos. Asemade, no réxime da educación secundaria para persoas adultas non poderán establecerse grupos con menos de dez alumnas e alumnos.

Itinerarios en 1º e 2º da ESO

- Elíxese unha materia entre:
 - 1) 2ª Lingua estranxeira: Francés
 - 2) 2ª Lingua estranxeira: Portugués
- Elíxese unha materia entre:
 - 1) Relixión Católica
 - 2) Proxecto Competencial
- Dúas horas a disposición do centro:
 - 1) Reforzo Matemáticas
 - 2) Reforzo Linguas

Itinerarios 3º da ESO

- Elíxese unha materia optativa entre:
 - 1) 2ª Lingua estranxeira: Francés
 - 2) 2ª Lingua estranxeira: Portugués
 - 3) Cultura Clásica
 - 4) Oratoria
 - 5) Educación Dixital
- Elíxese unha materia entre:
 - 1) Relixión Católica
 - 2) Proxecto Competencial

Itinerarios 4º da ESO

- Elíxese unha materia entre:
 - 1) Matemáticas A
 - 2) Matemáticas B
- Elíxese unha materia entre:
 - 1) Relixión Católica
 - 2) Proxecto Competencial
- Materias Optativas:
 - Escoller unha materia entre:
 - 1) Física e Química
 - 2) Latín
 - 3) Formación e Orientación Persoal e Profesional
 - Escoller unha materia entre:
 - 1) Bioloxía e Xeoloxía
 - 2) Economía e Emprendemento
 - 3) Tecnoloxía
 - Escoller unha materia entre:
 - 1) Oratoria
 - 2) Filosofía
 - 3) Música
 - 4) Educación Dixital

- Escoller unha materia entre:
 - 1) Cultura Clásica
 - 2) 2ª Lingua estranxeira: Francés
 - 3) 2ª Lingua estranxeira: Portugués
 - 4) Expresión Artística

Itinerarios 1º Bacherelato

Modalidade de Ciencia e Tecnoloxía. Itinerario 1

- Escoller unha materia entre:
 1. Física e Química
 2. Tecnoloxía e Enxeñería I
- Escoller unha materia entre:
 1. Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais
 2. Debuxo Técnico I
- Escoller unha materia optativa entre:
 1. 2ª Lingua Extranxeira I: Francés I
 2. 2ª Lingua Extranxeira I: Portugués I
 3. Anatomía Aplicada
 4. Antropoloxía
 5. Cultura Científica
 6. Linguaxe e Práctica Musical
 7. Literatura Galega do s. XX e a Actualidade
 8. TIC I

Modalidade de Ciencia e Tecnoloxía. Itinerario 2

1. Debuxo Técnico I
2. Tecnoloxía e Enxeñería I
3. Física e Química

Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais

- Escoller unha materia entre:
 1. Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I
 2. Latín I
- Escoller unha materia entre:
 1. Grego I
 2. Historia do Mundo Contemporáneo
- Escoller unha materia entre:
 1. Economía
 2. Literatura Universal
- Escoller unha materia optativa entre:
 1. 2ª Lingua Extranxeira I: Francés I
 2. 2ª Lingua Extranxeira I: Portugués I
 3. Anatomía Aplicada
 4. Antropoloxía
 5. Cultura Científica
 6. Linguaxe e Práctica Musical
 7. Literatura Galega do s. XX e a Actualidade
 8. TIC I

Calquera que sexa o itinerario escollido hai que elixir entre:

1. Relixión Católica
2. Reforzo (Matemáticas, Linguas ou Inglés)

Itinerarios 2º Bacherelato

Modalidade de Ciencia e Tecnoloxía

- Escoller unha materia entre:
 1. Bioloxía
 2. Debuxo Técnico II
- Escoller unha materia entre:
 1. Química
 2. Física

3. Tecnoloxía e Enxeñería II
4. Xeoloxía e Ciencias Ambientais
 - Escoller unha materia optativa entre:
 1. 2ª Lingua Extranxeira I: Frances II
 2. 2ª Lingua Extranxeira I: Portugués II
 3. Psicoloxía
 4. Métodos Estatísticos e Numéricos
 5. Patrimonio e Sociedade de Galicia
 6. TIC II
 7. Física (como materia de modalidade non escollida)

Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais

- Escoller unha materia entre:
 1. Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II
 2. Latín II
- Escoller unha materia entre:
 1. Grego II
 2. Xeografía
- Escoller unha materia entre:
 1. Economía e Deseño de Modelos de Negocio
 2. Historia da Arte
- Escoller unha materia optativa entre:
 1. 2ª Lingua Extranxeira I: Frances II
 2. 2ª Lingua Extranxeira I: Portugués II
 3. Psicoloxía
 4. Métodos Estatísticos e Numéricos
 5. Patrimonio e Sociedade de Galicia
 6. TIC II

Calquera que sexa o itinerario escollido hai que elixir entre:

1. Relixión Católica
2. Reforzo (Matemáticas, Linguas ou Inglés)

Ensinanzas para persoas adultas

1. Educación Secundaria para persoas adultas. Modulo III e IV (presencial)
2. Bacharelato para persoas adultas (semipresencial)

- Modalidade de Ciencias e Tecnoloxía
- Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Anualmente o centro realiza unha programación de actividades extracurriculares e complementaria que teñen por obxectivo:

- Promover no alumnado un sentimento positivo de pertenza ao centro.
 - Conseguir que adquiera unha maior autonomía e responsabilidade na organización do seu tempo libre.
 - Desenvolver a autoestima.
 - Mellorar as relacións entre o alumnado e axudarlle a adquirir habilidades sociais e de comunicación.
- Favorecer a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade do alumnado.
- Posibilitar o acceso ás actividades culturais e deportivas a tódolos rapaces e xoves, ampliando o seu horizonte cultural.
 - Axudar ós alumnos a adquirir unha diversidade de experiencias e unha comprensión fundamental do medio natural-social-cultural para que poidan participar na mellora e protección do mesmo.
 - Potenciar unha relación positiva e harmónica dos alumnos con o seu medio.
 - Favorecer as actitudes de comprensión, respecto, tolerancia e convivencia.
 - Interesar ao alumnado no seu propio proceso educativo.
 - Desenvolver o seu espírito crítico.
 - Asesorar e orientar as súas actividades de ocio e tempo libre.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

O alumnado de educación secundaria obrigatoria que promocióne de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

Este é o modelo de plan de reforzo:

1. Datos do alumnado
2. Información relevante sobre a materia sen superar:
 - Área ou materia
 - Datos do profesorado da área ou materia
 - Observacións
3. Currículo para desenvolver e criterios de avaliación recollidos na programación de cada departamento
4. Metodoloxía recollida na programación de cada departamento
5. Tarefas para realizar coa temporalización e recursos necesarios
6. Seguimento e avaliación recollidos na programación de cada departamento.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Cando unha alumna ou un alumno permaneza un ano máis no mesmo curso debe seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborárase o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

Este é o modelo do Plan Específico Personalizado para o alumnado repetidor:

1. Datos da alumna ou alumno
2. Necesidades que motivaron a repetición do curso:

<input type="checkbox"/> Dificultades de comprensión	<input type="checkbox"/> Dificultades na planificación e organización do estudo
<input type="checkbox"/> Non presta atención na aula	<input type="checkbox"/> Falta de motivación e interese pola materia
<input type="checkbox"/> Falta de hábito de estudo	<input type="checkbox"/> Materias pendentes do curso anterior
<input type="checkbox"/> Conduta inadecuada na aula	<input type="checkbox"/> Dificultades no razoamento
<input type="checkbox"/> Non realiza as tarefas encomendadas	<input type="checkbox"/> Incorporación tardía ao sistema educativo

Outras:
3. Medidas aplicadas no curso anterior
 - Medidas ordinarias-Reforzo educativo
 - Adaptación na aula (situación do alumnado na aula)
 - Medidas para mellorar a motivación (reforzos positivos, fraccionar o traballo...)
 - Estratexias metodolóxicas (promover participación, alternar traballo teórico e práctico....)
 - Medidas para exames ou probas (preguntas breves e claras, avaliar contidos mediante traballos...)
 - Medidas extraordinarias
 - Agrupamento flexible
 - Adaptación curricular significativa

- PDC
- Apoio PT
- Apoio AL
- Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro
- 4. Metodoloxía do plan (marcar a que proceda)
 - Promover a participación con preguntas
 - Alternar actividades teóricas con traballo práctico
 - Facilitar material escrito para evitar a toma de apuntamentos
 - Facilitar máis tempo para o remate das tarefas na aula
 - Utilizar reforzos e apoio visual na instrución oral
 - Planificar actividades con diferentes niveis de dificultade ou execución
 - Incluír actividades de recuperación de aprendizaxes non acadados
 - Flexibilizar os prazos de entrega de traballos
 - Incidir en que aspectos debe de centrar a atención ao realizar as actividades
 - Asegurarse de que entendeu os pasos a seguir antes de realizar as actividades
 - Facer preguntas sobre as actividades para que descubra os erros cometidos
 - Outras:
- 5. Recursos utilizados
 - Especialistas en PT e AL Profesorado de reforzo
 - Recursos tecnolóxicos (Edixgal e/ou Aula Virtual) Fichas de reforzo
 - Outros:
- 6. Medidas extraordinarias no presente curso escolar
 - Agrupamento flexible: Lingua Galega Lingua Castelá Matemáticas
 - Adaptación curricular significativa na/s materia/s
 - PDC
 - Apoio PT na/s materia/s
 - Apoio AL na/s materia/s
 - Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

Avaliarase o rendemento global incluíndo, ademais dos coñecementos específicos de cada materia, a atención e disposición para seguir as indicacións do profesorado, a participación activa na clase e a elaboración das tarefas encomendadas.

A avaliación será continua, é dicir, elaborarse ao longo de todo o curso e coas valoracións que o profesorado reúna do rendemento a través de todos os datos observables, tales como preguntas en clase, exercicios e traballos, cadernos, resúmenes, técnicas de traballo propias de cada materia, comentarios de libros, ... e, por suposto, controis e exames presenciais.

Criterios de promoción e titulación.

Promoción

Educación secundaria obrigatoria

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a suma dos períodos lectivos semanais das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa

superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.

c) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.

d) Que o equipo docente estime que ten expectativas favorables de recuperación.

e) Que o equipo docente estime que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

3. O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación. Este alumnado deberá superar as avaliacións correspondentes destes plans, xa que será tida en conta a efectos de promoción e titulación. O alumnado do Programa de Diversificación Curricular deberá superar as avaliacións correspondentes aos plans de reforzo das materias non superadas nos cursos anteriores e que non estean integradas nalgún dos ámbitos do programa. As materias de cursos anteriores integradas nalgún dos ámbitos consideráranse superadas se se supera o ámbito correspondente.

4. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planifícase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao aprofundamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Nos programas de diversificación curricular, as decisións sobre a permanencia neles un ano máis adoptaranse exclusivamente á finalización do segundo ano do programa.

5. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio (primaria e secundaria). De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa.

Bacharelato - Avaliación ordinaria

Promocionará o segundo curso o alumnado que teña todas as materias superadas.

Bacharelato - Avaliación extraordinaria

Os alumnos e as alumnas terán promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando teñan superadas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias, como máximo.

As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.

Titulación

ESO - Avaliación final Ordinaria

Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas no perfil de saída.

c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

Bacharelato - Avaliación final ordinaria

Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

Bacharelato - Avaliación final extraordinaria.

1. Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

2. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.

b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia. Considerárase inasistencia continuada cando as ausencias inxustificadas superen o dez por cento (10%) do horario lectivo mensual.

c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.

d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

Na Educación Secundaria Obrigatoria:

Segundo o establecido na Resolución para o desenvolvemento anual do currículo establecido na ORDE do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia: o alumnado que, despois da avaliación ordinaria do mes de xuño do cuarto curso, obtívese unha nota media da etapa igual ou superior a 9, poderá obter a distinción de matrícula de honra (MH). Esta mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

No caso de producirse empate na nota media da etapa concederáse a matrícula de honra a quen teña maior nota media no curso de 4º de ESO. Se o empate persiste será a nota media do 3º curso a que desempate e así sucesivamente coas medias de 2º e 1º curso.

No Bacharelato:

O alumnado que obtívese no segundo curso de bacharelato unha nota media igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso.

No caso de producirse empate na nota media do segundo curso concederáse a matrícula de honra a quen teña maior nota media no 1º curso.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

Os departamentos didácticos establecerán na programación a forma de avaliar o proceso de ensinanza e práctica docente es as programacións didácticas.

Para o proceso de ensinanza poderán valorarse as seguintes cuestións:

- Nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?.
- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?.
- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?.
- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?.
- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?.
- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?.
- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?.
- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?.
- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?.
- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?.
- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?.
- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?

Para a práctica docente poderanse valorar as seguintes cuestións:

- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado?.
- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?.
- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade?.
- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?.
- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?.
- Intercálase o traballo individual e en equipo?.
- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?.
- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe?.
- Préstase atención aos temas transversais?
- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames, etc?.
- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?.
- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?.
- Cal é o grao de implicación nas funcións de tutoría e orientación do profesorado?.
- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?.
- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?.

Para as programacións didácticas poderán valorarse as seguintes cuestións:

- Con que periodicidade se revisará?.
- Que medidas se adoptarán en caso de desfase?.
- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?.
- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?.
- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?.
- Engadiuse algún contido non previsto á programación?.
- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?.
- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?.
- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?.
- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?.
- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?.
- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

- Desde o claustro poderanse propoñer á dirección calquera dos proxectos, plans ou programas recollidos nos Programas Educativos ofertados pola consellería: Plan Proxecta ou programas de Éxito Educativo (Digicraft, EduExchanges, Acreditación Alumnado Linguas Estranxeiras, Clubs de Ciencia, CP Incluíe, CP Innova, DigitalWeek, Polos Creativos ou Proa+)
- Calquera destes proxectos, plans ou programas están suxeitos á dispoñibilidade horaria do centro, do profesorado e dos espazos necesarios para levalos a cabo, e deberán ser coordinados por un membro do claustro.
- Algúns destes proxectos, plans ou programas xa se están realizando no centro e terán continuidade: Edixgal, Club de Ciencia e de Lectura e Acreditación Alumnado Linguas Estranxeiras.
- A dirección do centro favorecerá, apoiará e sustentará o desenvolvemento de proxectos, plans ou programas europeos (Erasmus+).
- A dirección do centro ofertará cada curso Programas de Formación Permanente do Profesorado (seminarios ou grupos de traballo) para desenvolver a competencia dixital do profesorado.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

Tal e como recolle a lexislación vixente, o proxecto educativo debe incorporar un plan de mellora, que se revisará periodicamente, no que, a partir da análise dos diferentes procesos de avaliación do alumnado e do propio centro, expóñanse as estratexias e actuacións necesarias para mellorar os resultados educativos e os procedementos de coordinación e de relación coas familias e a contorna.

O equipo directivo analizará, nas memorias finais de cada departamento, os niveis de logro dos elementos que conforman a concreción curricular. A comezo de cada curso a dirección avaliará estes resultados, así como o marco legal vixente, para posibles modificacións.

Para realizar a avaliación dos elementos que conforman a concreción curricular utilizarase unha táboa enumerando ditos elementos xunto con unha dobre entrada coas valoracións de nivel de logro e propostas de mellora.

Para analizar o proceso de avaliación do alumnado e do centro, usaranse distintas ferramentas. Especificanse a continuación aquelas ferramentas que se poderán usar para realizar esta análise, así como as estratexias e actuacións necesarias para mellorar os resultados educativos e os procedementos de coordinación e relacións cos familias e contorna:

- Análise DAFO
- Elaboración de memoria final cada curso
- Análise dos resultados académicos
- Cuestionarios de satisfacción e diálogo coas familias a través das canles que temos a disposición no centro e a través da ANPA e Consello Escolar.
- Listas de control

As estratexias e actuacións, unha vez analizado os procesos de avaliación, podemos agrupalas en catro ámbitos:

1. **Ámbito pedagóxico:** mellora dos resultados e do rendemento académico e das canles de participación no proceso educativo do centro.
2. **Ámbito goberno e coordinación:** fomento das comunicacións co alumnado e familias reforzando a implicación e participación da comunidade educativa.

3. **Ámbito das relacións:** a aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. Debe haber coordinación entre os departamentos para establecer estratexias que permitan traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade.

4. **Ámbito de xestión e recursos:** cobertura das necesidades das infraestruturas e os recursos para poder levar a cabo estratexias e actuacións que permitan mellorar os resultados educativos. Os documentos de centro serán accesibles, coordinados e claros ofrecendo á comunidade educativa as liñas de actuación a seguir.

o) Outros apartados

1. -

-